



**A “Escola de Emprego”
unha ferramenta cara a inserción laboral**
Reflexión dos directores
de Escolas e Obradoiros de Emprego

Unha perspectiva dual
A atención sociosanitaria: unha saída laboral

Novas emprendedoras:
Tres experiencias laborais con futuro

Sumario

Editorial

A muller no mercado de traballo. Ocupacións máis demandadas

Tribuna

A atención as persoas maiores, una necesidade crecente

Entrevista ao Director Juan José Vázquez. Residencia Asistida de Maiores de Vigo

Escolas Abertas

A “Escola de Emprego” unha ferramenta cara a inserción laboral

Reflexións do equipo directivo das escolas e obradoiros de emprego

Obraquedobra

Unha perspectiva dual: a atención sociosanitaria, unha saída laboral

Entrevista ás alumnas da especialidade de atención sociosanitaria do:

- OE Lalín Social
- OE Moaña Capacita

Apuntamentos

Novas emprendedoras: tres experiencias laborais con futuro

Edita

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Dirección

Pedro Fírvida Diz

Equipo editorial

Ana Pastor Gómez

Andrea Pérez Saldaña

Beatriz R. Iñarrea

José A. Méndez Pardo

Mabi Rodríguez Míguez

Manuel J. Vidal Estévez

Rosa Aguado López

Yolanda Fernández Alonso

Colaboracións neste número

Juan José Vázquez. Director da Residencia Asistida de Maiores de Vigo

Paloma Lambás. Directora do O.E. “Os Prados”

Enrique Ferreiro. Director do O.E. “As Telleiras II”

Daniel Paz. Director. da E.O. “Mar de Vigo V”

José Luis Abreira. Director do O.E. “Capacita Moaña”

Novas emprendedoras:

Pilar López Pousa

Cristina Crego Vázquez

Marta Saborido Fernández

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Vía da Hispanidade, 17 - 36203 Vigo

T 986 42 33 66 · F 986 47 14 44

e-mail: updvigo@maiv.org · www.maiv.org

Depósito Legal

VG-129-2001

Imprime

Tórculo Artes Gráficas

Landra é unha publicación que respecta a liberdade de expresión. A UPD non comparte necesariamente a opinión das persoas colaboradoras.

A muller no mercado de traballo Ocupacións máis demandadas

A incorporación da muller ao mercado de traballo supuxo un dos fenómenos mais notables dos rexistrados nos países desenvoltos durante o pasado século

O principal detonante desta incorporación foi a II Guerra Mundial, xa que a necesidade de incorporar homes ao exército provocou que as mulleres ocuparan o seu lugar no mercado de traballo. Ao remate do conflito bélico, este proceso xa non tiña volta a atrás e a muller loitou por permanecer no mercado laboral aínda que tivo que retornar ás labores domésticas. Ao longo da segunda metade do século XX fóronse xerando outros factores que influíron no aumento de mulleres traballadoras como por exemplo a caída da natalidade e a concentración do nacemento de fillos nun período determinado, o que permitía a muller incorporarse ao traballo trala maternidade ou rematar os estudos antes de ter os seus fillos. Outros factores a ter en conta foron, o crecemento do sector terciario, as necesidades económicas das familias

que agora necesitaban dous soldos, o avance da tecnoloxía ou o aumento de familias monoparentais que obrigaban ás mulleres a saír ao mercado de traballo para conseguir a súa independencia salarial.

Esta incorporación ao mercado de traballo supuxo que a muller abría as portas a determinadas profesións e traballos aos que historicamente non tiña acceso e a establecer novas sendas para alcanzar a igualdade real na educación e na remuneración, abandonando así o papel secundario que socialmente tiña asignado.

De todos modos, e a pesar dos avances rexistrados aínda subsisten moitas desigualdades entre homes e mulleres e exemplo desto é o denominado fenómeno do teito de

cristal, entendendo como tal ao límite que se atopan as mulleres á hora de optar a metas profesionais para as que están perfectamente preparadas ou as diferencias

salariais entre xéneros. Por outra banda e no que respecta a ocupabilidade, transcorridos máis de 10 anos

Ámbito Nacional

	España 2009		
	Total	Homes	Mulleres
Taxa de Actividade	59,94%	68,65%	51,57%
Taxa de Ocupación	49,15%	56,49%	42,08%
Taxa de Paro	18,01%	17,72%	18,39%

Fonte: Elaboración propia a partir do INE

Ámbito Autonómico

	Galicia 2009		
	Total	Homes	Mulleres
Taxa de Actividade	55,21%	62,5%	48,54%
Taxa de Ocupación	48,25%	55,14%	41,95%
Taxa de Paro	12,59%	11,76%	13,58%

Fonte: Elaboración propia a partir do INE

do novo século, as taxas de actividade feminina do estado e de Galicia seguen a ser maiores.

Na actualidade, á hora de abordar as ocupacións podemos facer unha clara distinción entre ocupacións feminizadas e masculinizadas, tal e como afirma Richard Anker nunha publicación recente da OIT, no que apunta que aproximadamente un 60% dos traballadores do mundo, excluído o sector agrícola, desenvolven algunha ocupación na que, como mínimo o 80% dos traballadores dedicados a ela son dun mesmo xénero, homes ou mulleres. A este fenómeno que xera ineficiencia e rixidez ao mercado laboral, coñéceselle como “segregación ocupacional por razón de xénero”.

Si analizamos as ocupacións máis contratadas por mulleres en Galicia durante o ano 2009 pódese observar que a segregación está patente xa que os niveis de contratación de mulleres son moi superiores nas ocupacións máis ligadas tradicionalmente ao xénero feminino.

As ocupacións que acadan niveis máis elevados son as des dependentes/as, persoal de limpeza e personal que engloba o sector da hostalaría (camareiros/as, cociñeiros/as). Un pouco máis abaixo atopanse outras ocupacións como as peóns de industria manufactureiras e do sector cárnico e do peixe, o persoal sanitario e de atención a domicilio, o persoal administrativo e finalmente o persoal de transporte e descarga. Polo tanto, temos que das 10 ocupacións máis contratadas no ámbito

Ocupacións máis contratadas no ámbito feminino

Galicia 2009		
CNO	Descrición	Total
5330	Dependentas e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	39.971
9121	Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	39.470
5020	Camareiras, barmans e asimilados	33.347
9700	Peóns de industrias manufactureiras	19.714
5010	Cociñeiras e outros preparadores de comidas	12.172
5111	Auxiliares de enfermaría hospitalaria	9.279
4210	Taquígrafas e mecanógrafas	8.999
7801	Matachíns e traballadoras das industrias cárnicas e do peixe	7.088
5113	Asistentes domiciliarios	6.670
9800	Peóns do transporte e descargadores	6.194
Total das dez ocupacións máis contratadas		182.904
Total das ocupacións contratadas		332.552

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego das Cualificacións

feminino un 81,96% delas atópanse dentro do sector servizos.

É evidente que a maioría delas son ocupacións nas que a presenza da muller é determinante dentro do mercado laboral. Así e todo, debemos ter en conta que estas ocupacións son as que aparecen como peor remuneradas e sofren maior precariedade laboral.

Neste momento de crise económica e no que os índices de desemprego son moi elevados á hora de mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, é impor-

tante centrarse nos sectores que están a soportar a situación e que seguen xerando emprego ou naqueles que non están notando a crise e continúan crescendo. Neste senso, é importante que os esforzos formativos vaian en consonancia coas ocupacións que se están demandando e tal e como se amosou a través do análise de cifras realizado con anterioridade, queda patente no que se refire as mulleres, cales son as ocupacións con maior demanda no derradeiro ano 2009 no mercado laboral galego. Así vemos que, por exemplo un 21,85% das ocupacións máis contratadas foron as de dependentes/as, seguido dun 21,58% polo persoal de limpeza e en terceiro

lugar cun 18,23 atópanse os camareiros/as. No sexto lugar atópase a sanidade e a atención domiciliaria de persoas, que tamén se está a converter nun referente como nicho ocupacional, dato que corrobora o catálogo de ocupacións de difícil cobertura.

Neste número da revista Landra ímonos centrar na análise dunha das especialidades que vai ser referencia nos proxectos de obradoiros de emprego actuais como é o da atención sociosanitaria a persoas. Dentro deste ramo contamos na tribuna coa opinión do director da Residencia Asistida para Maiores do Meixoeiro de Vigo, centro que está a colaborar coa devandita especialidade

na formación práctica do alumnado-traballador, e tamén saímos a coñecer as impresións das alumnas-traballadoras do OE Lalín Social, xusto ao remate do proxecto e o das alumnas-traballadoras do OE Capacita Moaña, que se atopan en pleno desenvolvemento do mesmo.

Dentro do apartado de apuntamentos tamén quixemos coñecer a experiencia de tres emprendedoras que puxeron en marcha tres ambiciosas iniciativas empresariais e que nos contan, como foron os seus inicios e como están funcionado as súas ideas.

A atención as persoas maiores, una necesidade crecente

Entrevista ao Director Juan José Vázquez
Residencia Asistida de Maiores de Vigo

Canto tempo leva como director da Residencia Asistida de Maiores de Vigo? Como foron os inicios?

Comecei de forma efectiva a miña etapa profesional na dirección da Residencia Asistida de Vigo en agosto de 2009. Os inicios supoñen sempre un período de adaptación e de coñecemento do funcionamento do centro indispensable para poder dar resposta ás necesidades e demandas que se presentan a cotío.

Que experiencia previa tiña no sector e/ou como director de Residencias de Maiores?

Pola miña condición de funcionario, o meu coñecemento profesional dos servizos sociais está vinculado ó ámbito da xestión pública. Con anterioridade á chegada a este

centro asumín durante catro anos a Secretaría Provincial de Igualdade e Benestar, departamento con funcións de coordinación administrativa e xestión de persoal dos centros sociais autonómicos na provincia de Pontevedra, entre os que as residencias de maiores e a Residencia Asistida de Vigo en particular teñen unha especial relevancia.

A sociedade actual, como ve aos nosos maiores? que cre que nos achegan?

As persoas maiores constitúen un referente de experiencia e un activo social que merece cada vez unha maior e mellor consideración. A súa decisiva participación para a boa conciliación da vida familiar e laboral, a acumulación das súas experiencias vitais e mesmo a súa

memoria individual e colectiva son un capital que a sociedade valora de forma crecente e ó que debe corresponder con servizos e recursos axeitados ás súas necesidades.

A Residencia Asistida de Maiores de Vigo, que capacidade ten?, é suficiente para toda a demanda que existe?, cal é o perfil das persoas usuarias?

A Residencia Asistida de Vigo, dependente na actualidade da Consellería de Traballo e Benestar, é o centro de maior capacidade da rede galega de servizos sociosanitarios. Conta con 300 prazas para residentes fixos e 6 para estadias temporais. O proceso de adxudicación das prazas fixas está centralizado na Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal e, por aplicación da normativa reguladora da dependencia, o perfil tipo corresponde a persoas dependentes con elevado nivel de dependencia, normalmente de grao III, que precisan asistencia para as actividades básicas da vida diaria.

Existe a nivel local, comarcal ou autonómico algunha residencia específica para persoas con discapacidade (enfermidade mental, discapacidade psíquica...). Cre necesaria a súa creación?

As necesidades e demandas desta residencia son as propias dun centro de atención continuada a persoas dependentes con máis de 300 prazas e 280 persoas traballadoras. O obxectivo permanente é optimizar os recursos

A experiencia destas prácticas constitúe un factor de dinamización moi beneficioso na vida do centro

humanos e medios materiais para garantir a atención sociosanitaria integral ás persoas que aquí residen.

Con que equipo de traballadores conta a Residencia? Cre que na atención ao paciente evolucionou cara a unha maior sensibilidade no trato?

Ese carácter integral da atención que ofrece o centro e os crecentes niveis de dependencia da poboación residente obrigan a contar cun cadro de persoal multidisciplinar. Para tratar de satisfacer as demandas dos residentes o centro conta con servizo médico, coidados de enfermaría, asistencia para as Actividades Básicas para a Vida Diaria (ABVD), atención psicolóxica, servizos de fisioterapia, terapia ocupacional, podoloxía, departamento social, e presta servizos residenciais atendidos polo persoal de gobernantía, cociña, recepción e mantemento. Ademais, organiza actividades de lecer e animación e saídas ó exterior para dinamizar e fomentar a participación activa dos residentes.



Durante este tempo, que foi o máis gratificante do traballo como director de la Residencia? e o menos gratificante?

A valoración global é positiva. Sempre producen satisfacción a execución de melloras no centro que incidan directamente na calidade do servizo e as actitudes e condutas do persoal que denotan compromiso co servizo público e implicación na atención ós residentes máis alá do estritamente esixible.

Dende hai algúns anos, véñense realizando as prácticas dos proxectos de escolas taller e obradoiros de emprego na Residencia. Como resulta a experiencia?, cre que é positivo este tipo de prácticas en centros de traballo?

Un dos sinais de identidade da Residencia Asistida de Vigo é a súa dispoñibilidade para acoller alumnado en prácticas nas distintas modalidades e programas formativos dirixidos á inserción laboral das persoas participantes. A experiencia destas prácticas é altamente satisfactoria para o alumnado, para o persoal do centro e para as propias persoas residentes e constitúe un factor de dinamización moi beneficioso na vida do centro.

Como se realiza a titorización destas prácticas e en que horarios? Que labores desenvolven no centro?

Xeralmente as prácticas desenvólvense en horario de mañá (8.30 - 13.30 hrs.) durante un período de 3 a 4 semanas no que o alumnado rota polas distintas unidades e servizos e colaboran activamente nas distintas tarefas que correspondan á especialidade de que se trate.

Cal é a súa opinión sobre as posibilidades de inserción laboral destas persoas?

A vocación desta Residencia é seguir colaborando para favorecer, na medida das súas posibilidades, a adquisición de competencias profesionais que faciliten a incorporación ó mercado laboral de profesionais coa cualificación que require o sector dos servizos sociais e de atención ás persoas maiores en particular.

Comentarios, achegas ou reflexións finais

Grazas pola oportunidade de achegar un pouco máis a realidade do centro e o traballo dos seus profesionais á cidadanía de Vigo e a súa zona de influencia.



Mapa da provincia de Pontevedra
coa localización das Escolas Obradoiro
e Obradoiros de Emprego

Obradoiros de Emprego e Escolas Obradoiro da provincia de Pontevedra

O.E. MOBILIA DEPUTACIÓN

Rúa Montecelo, 12

36161 - PONTEVEDRA

Tfno. 986 804 135 - Fax: 886 211 201

E-Mail: oemobilia@updvigo.org

Entidade Promotora:

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Especialidades:

CARPINTERÍA

SOLDADURA

Data de inicio e fin:

21/12/09-29/12/10

Director:

ADOLFO MARTÍNEZ LA TORRE

O.E. ALFACUCA

Avda. de Peinador, 4 - 1º Puxeiros

36416 - MOS

Tfno: 986 487 733 - 986 487 786 - Fax: 986 486 612

E-Mail: oealfacuca@updvigo.org

Entidade Promotora:

CONCELLO DE MOS

Especialidades:

CACHOTERÍA

CARPINTARÍA

TRABALLO FORESTAL

AUX. AXUDA A DOMICILIO

Data de inicio e fin:

30/12/09 - 29/12/10

Director:

FRANCISCO XABIER MÉNDEZ MARTÍNEZ

O.E. HOSTALERÍA PEDRO MADRUGA

Rúa Alexandre Bóveda, 8

36691 - SOUTOMAIOR

Tfno: 986 705 106 - Fax: 986 705 333

Mail: oepedromadruga@updvigo.org

Entidade Promotora:

CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Especialidades:

OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA

CAMAREIRO DE RESTAURANTE - BAR

Data de inicio e fin:

30/12/09 - 29/12/10

Directora:

PURIFICACIÓN FERRO VARELA

O. E. OS PRADOS

Ctra. da Fraga, S./N.

36830 - A LAMA

Tfno: 986 768 385 - Fax: 986 768 282

Mail: oeosprados@updvigo.org

Entidade Promotora:

CONCELLO DE A LAMA

Especialidades:

FONTANERÍA

CANTERÍA

MEDIO AMBIENTE, FORESTAL

Data de inicio e fin:

28/12/09 - 27/12/10

Directora:

PALOMA LAMBÁS CID

O. E. SANTA BAIA

Avda. de Ribadumia, 3

36636 - RIBADUMIA

Tfno. 986 710 121 - Fax: 986 716 393

Mail: oesantabaia@updvigo.org

Entidade Promotora:

CONCELLO DE RIBADUMIA

Especialidades:

CONSTRUCCIÓN, ALBANILARÍA

TRABALLO FORESTAL

XARDINARÍA

Data de inicio e fin:

28/12/09 -27/12/10

Director:

JAVIER SASO VILAS

O.E. PONTECESURES II

Nave Escola Taller

Avda. Pousa Antelo, S/N

36640 - Pontecesures

Mail: oepontecesures@updvigo.org

Entidade Promotora:

CONCELLO DE PONTECESURES

Especialidades:

ALBANALERIA

TRABALLO FORESTAL

FONTANERÍA SOLAR Y ENERXÍA SOLAR Y TERMICA

Data de inicio e fin:

28/12/09 - 27/12/10

Directora:

MARIA DEL CARMEN GONZÁLEZ LESTÓN

O.E. HOSTALARÍA DO SALNES III

Centro de vacacións A Lanzada

Ctra. De San Vicente de A Lanzada s/n

36980 - O Grove

Telf/Fax: 986 738 482

Mail: eohostaleriadosalnes@hotmail.com

Entidade Promotora:

MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

Especialidades:

COCINA

SERVIZOS DE BAR

CAFETERÍA E RESTAURANTE

OPERACIÓNS BÁSICAS DE PISOS E ALOXAMENTOS

Data de inicio e fin:

07/07/09-06/07/11

Directora:

Mª DOLORES PIÑEIRO REY

E.O. MAR DE VIGO V

Estrada do Vao, 151 - Coruxo

36330 - Vigo

Tfno. 986 462 090 - Fax: 986 462 961

Titor: titoria.eomarcevigo@updvigo.org

Entidade Promotora:

CONCELLO DE VIGO

Especialidades:

ACTIVIDADES NAÚTICAS

CARPINTERÍA DE RIBEIRA

NOVAS TÉCNICAS DE CONSTRUCCIÓN NAVAL

Data de inicio e fin:

29/12/09 - 28/06/11

Director:

DANIEL PAZ ANTÓN

Mail: oecapacita@updvigo.org

Entidade Promotora:

CONCELLO DE MOAÑA

Especialidades:

ALBANALERÍA

XARDINARÍA

ATENCION SOCIOSSANITARIA EN DOMICILIOS

E INSTITUCIÓN S SOCIAIS

Data de inicio e fin:

30/06/10-29/06/11

Director:

JOSÉ LUIS ABRAIRA ARIAS

E. O. SANTIAGO APOSTOL III

Outeiro - Perdecani

36194 - BARRO

Tfno: 986 711 190 - Fax: 986 711 190

Mail: eosantiagoapostolo@updvigo.org

Entidade Promotora:

CONCELLO DE BARRO

Especialidades:

ALBANILERÍA

CANTERIA

CARPINTARÍA

Data de inicio e fin:

30/12/09 - 29/06/11

Director:

DANIEL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

O.E. FORCAREI I

A Freixa, s/n

Cachafeiro

36556 - Forcarei

Tfno. 986 755 121 - Fax. 986 755 121

Mail: oeformcarei@updmaiv.org

Entidade Promotora:

CONCELLO DE FORCAREI

Especialidades:

ALBANALERÍA

CARPINTARÍA

XARDINARÍA E TRABALLO FORESTAL

Data de inicio e fin:

30/06/10 - 26/06/11

Director:

JOSÉ IGNACIO TABOADA SUAREZ

O.E. CAPACITA MOAÑA

A Carraquiera - Tirán, s/n

36958 - Moaña

Patronato Municipal Beiramar

Tfno. 986 314 200 - Fax: 986 314 280

A “Escola de Emprego” Unha ferramenta cara a inserción laboral

Reflexións do equipo directivo
das escolas e obradoiros de emprego



Paloma Lambás
Dir^a. O.E. “Os Prados”



Enrique Ferreiro
Dir. O.E. “As Telleiras II”



Daniel Paz
Dir. E.O. “Mar de Vigo V”



José Luis Abreira
Dir. O.E. “Capacita Moaña”

Este ano a UPD da Mancomunidade de Vigo deseñou “A Escola de Emprego”, unha ferramenta que ten por finalidade axudar ao alumnado traballador dos proxectos de escolas e obradoiros de emprego no proceso de busca de emprego, para facilitarlles desta forma a súa inserción no mercado laboral.

Para dar a coñecer a utilidade deste Portal de Emprego, realizáronse diversas xornadas de difusión nos distintos proxectos de formación e emprego. Nelas o equipo directivo manifestou a súa opinión sobre a utilidade e manexo desta nova ferramenta, e a influencia das novas tecnoloxías na procura de emprego.

Contamos coa inestimable colaboración de: Paloma Lambás (Dir^a. Obradoiro de Emprego “Os Prados”), Enrique Ferreiro (Dir. Obradoiro de Emprego “As Telleiras II”), Daniel Paz (Dir. Escola Obradoiro “Mar de Vigo V”), e José Luis Abreira (Dir. Obradoiro de Emprego “Capacita Moaña”).

UPD: Desde o seu punto de vista, cal cree que é o peso que ten na actualidade o uso das novas tecnoloxías na busca de emprego?, en qué medida facilita a inserción laboral do alumnado – traballador?

Paloma. É evidente que o desenvolvemento tecnolóxico está a producir cambios significativos na estrutura económica e social; mais o que inicialmente foi unha ferramenta para colectivos especializados, hoxe en día é unha rede que se democratizou dando paso a todo tipo de persoas e colectivos así como ás accións que dean unha resposta efectiva a nosa realidade actual.

O mercado laboral está inmerso en unha sociedade que vive nun permanente estado de revolución tecnolóxica, polo tanto a orientación para o emprego debe adaptarse continuamente á pluralidade de cambios que se producen, non só no mercado laboral, senón no senso máis amplo, é dicir, no escenario social no que se desenvolven as persoas que buscan emprego.

Co auxe das chamadas redes sociais e profesionais os colectivos empresariais cada vez máis acoden a estas redes para a busca de posibles persoas candidatas. Estas funcionan como escaparates a gran escala, onde as empresas poden buscar perfiles determinados.

Enrique. Cada día que pasa as novas tecnoloxías adquiren un peso maior na busca de emprego. No noso obradoiro loitamos para que o alumnado traballador coñezan o uso das Novas Tecnoloxías (NNTT) na busca de emprego. Aínda así contamos co “hándicap” de que o alumnado traballador de maior

idade non ten coñecementos informáticos previos. Por iso é fundamental o módulo transversal de informática.

Daniel. Entendendo que en xeral a inserción laboral é o resultado dunha busca activa de emprego cuxa finalidade é atopar un traballo remunerado, debo considerar que as NNTT desenvolven, hoxe en día, un papel moi determinante en constante progresión. Tradicionalmente a busca de emprego facíase a través das oficinas de emprego, dos anuncios dos xornais e das axencias de colocación, ademais, por suposto, de ir deixando o CV por doquier.



Na actualidade non ten sentido buscar ofertas de emprego nestes sitios tendo en conta que as axencias, os xornais, as entidades públicas e as oficinas de emprego as publican en Internet. Ademais o auxe dos portais especializados de emprego é manifesto. A estes portais haberá que engadir as redes sociais con vocación profesional que están comezando a ter un protagonismo espectacular que os coloca como unha alternativa máis de intermediación laboral.

Por outra banda, segundo un informe de Wiprojects, un buscador de anuncios clasificados de Internet, o 80% dos internautas españois utilizan esta para a busca de emprego, ocupando o primeiro lugar no ranking de consultas na rede. Dese 80% ao 47% atopa unha oferta buscada.

En definitiva, as NNTT están a proporcionar toda unha batería de ferramentas de busca de emprego: portais horizontais (busca activa) e portais verticais (con bolsas de traballo) que están desprazando a velocidade de vertixe os tradicionais métodos de busca.

UPD: Na formación complementaria que se imparte no Obradoiro de Emprego, e en concreto, na orientación laboral, en qué medida se aplican as novas tecnoloxías?.

Paloma. Aínda estamos lonxe de alcanzar a implantación dunha orientación laboral coa utilización das TICs na busca de emprego. O colectivo que manexamos entraría na denominada “Brecha dixital”. Segue existindo diferenciación socioeconómica onde o acceso a Internet do alumnado-traballador, está cuns niveis baixos de coñecemento e capacidades, chegando ao perigo de xerar capas de marxi-



Jose Luis. As NNTT son ferramentas fundamentais na procura de emprego. Permiten acceder aos distintos portais de emprego existentes, á información de infinidade de empresas e aos procesos selectivos das distintas administracións. Tamen ten suma importancia o acceso a unha inmensa oferta formativa. E todo isto en moi pouco tempo e dende calquer lugar con un simple ordenador con acceso a internet.



nación como resultado da analfabetización dixital.

Neste senso o persoal dedicado á orientación laboral, eu chamaríao “dinamizadores tecnolóxicos de emprego”, ten a obriga de adoptar un papel activo como axente social de cambio, contribuíndo a promover o acceso aos recursos tecnolóxicos para facilitar a busca de emprego e a autonomía do seu uso. Nas Escolas e Obradoiros, aínda hai unha separación evidente entre a chamada orien-

tación laboral tradicional e a implicación das NNTT como ferramenta da busca de emprego.

Enrique. No noso caso, o docente failles ver en todo momento a importancia das NNTT na busca activa de emprego, vinculando sempre aos contidos da clase de orientación. O problema pode ser que non existe un aula específica con ordenadores e a pouca duración que ten o módulo de informática. Desde o meu punto de vista, considero que 30 horas non son suficientes e que a formación de informática tería que ser continua ao longo do proxecto.

Daniel. Queda claro que as NNTT convértense en si mesmas nunha ferramenta potencial de inter-

Este punto estase a cumprir nas EO/OE a través dun curso de 30 horas de iniciación a informática que se imparte obrigatoriamente a todo o alumnado, rematándose coa elaboración do primeiro CV dixital e co primeiro contacto cos portais de busca de emprego. A continuación, na materia transversal de orientación laboral, trabállase en redeseñar o CV e unha carta de presentación atractiva, para distribuílos pola internet, coa intención de crear un produto ben estruturado, breve e claro.

O derradeiro paso é o manexo dos diferentes portais de emprego aprendendo a saber discriminar utilizando criterios axeitados para lograr o obxectivo buscado.

Jose Luis. O uso das NNTT na formación complementaria de orientación laboral baséase fundamentalmente en que o alumnado dunha forma titulizada se familiarice coas distintas ferramentas útiles para a busca de emprego. De tal xeito que ao finalizar o proxecto sexan capaces de continuar facéndoo pola súa conta.

UPD: Como se produce a adaptación do alumnado ao uso das novas tecnoloxías?

Paloma. O contacto directo do noso alumnado coas NNTT o fan a través do mini curso de “iniciación ou alfabetización á informática”. Moitas veces, na planificación da formación, poñémola ao final do proxecto, e moi poucas, se integra ao longo do proceso de orientación laboral, co obxectivo de ser unha ferramenta persoal e de desenvolvemento profesional acorde cos tempos actuais.



mediación moi positiva entre a persoa desempregada e a persoa empregadora. E por elo que o coñecemento e o manexo destas ferramentas e unha prioridade fundamental. Coñecedores desta realidade, estamos traballando no programa de EO/OE co compromiso de dotar ao noso alumnado-traballador do aprendizaxe necesario no uso e manexo axeitado dos ordenadores, o seu sistema operativo, programas básicos, internet, etc.

Enrique. En xeral a adaptación e boa, si se lle da a oportunidade de formarse e utilizar estas ferramentas, pero como comentaba anteriormente, débese facer un uso constante das mesmas, senón cando as queren utilizar atópanse con dificultades.

Daniel. Esta claro que en xeral a sociedade actual demanda e esixe o dominio do manexo das NNTT, facéndose urxente unha alfabetización tecnolóxica. De aí que o primeiro reto sexa o de superar a tecnofobia.

Existen colectivos cos que hai moitos problemas para a súa adaptación e aprendizaxe das NNTT e outros cunha capacidade de aprendizaxe moi favorable. Tendo en conta isto, e trasladándoo aos programas de escolas e obradoiros de emprego, temos moitas dificultades coas persoas de mais de 40-45 anos e non co resto do alumnado.

Jose Luis. A adaptación do alumnado ao uso das NNTT en xeral é bo. Aínda que existen casos nos que o nivel de formación do alumnado lles dificulta enormemente o aproveitamento destas. Estes casos solen producirse en especialidades programadas do nivel I de cualificación profesional, ou nalgunhas das antigas especialidades nas que non se requería ningún nivel formativo previo.

UPD: Na actual situación de crise que estamos a vivir, como describiría os resultados de inserción laboral do alumnado traballador?

Paloma. A Inserción laboral do noso alumnado é difícil, coma do resto de colectivos hoxe en día, aínda peor co agravante de dous parámetros



sobre todo no rural, que son: A mobilidade xeográfica e a dependencia dos maiores e dos/as nenos/as.

No primeiro caso, débese a que a maioría aínda viven cunha economía encoberta, que lles imposibilita a mobilidade dos posibles empregos fora do seu territorio. E no segundo, a dependencia dos maiores débese a que non hai estruturas sociais nos Concellos para axuda á dependencia, sobre todo no rural, e porque aínda hai unha mentalidade de abandono que está mal visto deixar aos seus maiores nun "Centro de día". No caso da dependencia dos nenos e nenas, afecta sobre todo ás mulleres, en xeral durante o período de crianza, e pola falla de estruturas sociais (garderías públicas,...) que sexan compatibles cos horarios laborais.

Enrique. Certo é que a situación é moi complicada pola crise que estamos a vivir, aínda así considero que o alumnado traballador está mellor preparado co resto dos traballadores/as, xa que incidimos na busca activa de emprego e coñecen outras ferramentas que lle van a facilitar a inserción laboral unha vez rematado o proxecto formativo.

Daniel. A verdade é que nós non temos a información real de inserción laboral que se produce nos proxectos de EO e OE, e cando temos acceso a algún dato destas características, normalmente refírese a tempos moi pretéritos. A maioría da inserción laboral prodúcese ao remate do proxecto. A esas alturas a nós xa nos collen ocupados noutra actividade. Son as entidades promotoras as encargadas de facer os asesoramentos e os seguimentos do proceso.

O que si é certo e que as demandas que chegaban directamente as escolas ou obradoiros experimentaron unha lixeira caída, pero con plena seguridade, a economía volverá a coller un rumbo de crecemento sostido e a demandar novos postos traballo.

Jose Luis. Non cabe dúbida de que na actual situación de crise a inserción do alumnado traballador vese moi mermada, pero aínda así o alumnado ao rematar o obradoiro está máis cualificado para a súa incorporación ao mercado de traballo.

En moitos casos adquiren hábitos de traballo dos que carecían e que lles permiten acceder a un posto aínda que non sexa relacionado coa mesma especialidade na que participaron. Tamén nalgúns casos a formación recibida permitiulles incorporarse ao mercado traballando por conta propia. Así mesmo, por desgraza a incorporación a postos de traballo en determinadas especialidades relacionadas coa construción, vese obstaculizada por razón de sexo. É unha mágoa que nestas especialidades o mercado, na maioría dos casos, lles peche as portas as mulleres. Lembro que nos casos que tiveron a ocasión de dirixir obradoiros con estas especialidades, polo xeral as mellores na execución dos

traballos, responsabilidade, puntualidade, etc. eran mulleres. Pero de momento a realidade é a que temos e hai que seguir traballando para cambiala.



UPD: Na súa opinión o portal de emprego "Escola de Empleo", parécelle unha ferramenta útil de busca de emprego para o alumnado da Escola ou Obradoiro?

Paloma. É imprescindible xa que os portais de emprego permiten o intercambio de información entre demandantes de emprego e entidades ofertantes. Neste momento e sempre e cando variemos os esquemas da orientación laboral e a busca de emprego do noso alumnado e nós adaptemos aos cambios constantes da sociedades da información.

Enrique. Dende logo que si é unha posibilidade máis que ten o alumnado do obradoiro para acceder ao mercado de traballo. É necesario que teña continuidade por parte da UPD e que se faga un impulso dende a mesma de cara a que as empresas a coñezan.

Daniel. A resposta é ambigua: si e non. Si, se o que se busca é un traballo diferente ao oficio aprendido na escola obradoiro e... Non, pois non hai ni unha soa oferta específica para os oficios aprendidos na nosa Escola Obradoiro “Mar de Vigo V”⁽¹⁾.

Jose Luis. Creo que si é unha ferramenta útil. Permítelle ao alumnado manter actualizado o seu curri-

UPD: ¿Parécelle unha ferramenta de doado manexo e intuitiva para o alumnado?

Paloma. É unha ferramenta de doado manexo, sempre e cando exista a motivación do seu uso e unha entidade dinamizadora de dita ferramenta. Creo que aínda se descoñece o alcance coma unha verdadeira ferramenta de emprego.



culum en todo momento, facilita a labor de busca xa que a sección de “Ligazóns” e bastante completa. A sección “materiais” tamén é de gran axuda para o alumnado e como apoio para o persoal docente de orientación laboral. En canto ao apartado de “ofertas de emprego e emprego público” tamén sería de gran interese sempre que se mantivesen actualizadas.



Enrique. É unha ferramenta intuitiva e está ben deseñada, aínda así, considero que tiña que ser mais doado o seu uso, tendo en conta o perfil que ten o noso alumnado, sobre todo o de maior idade.

Daniel. Si, a verdade que é unha páxina de doado manexo e comprensión.

⁽¹⁾NOTA UPD: A Escola Obradoiro “Mar de Vigo V” está a impartir as especialidades de Actividades náuticas, Carpintaría de Ribeira e Novas técnicas de construción naval na que as tarefas a desenvolver, respectivamente son: o mantemento e reparación de embarcacións, confección de velas, acastillaxe e navegación; a construción dunha dorna de tope e bote auxiliar e a construción en PRFV (laminados básico estratificado) dun batel.

Jose Luis. A primeira vista parece unha ferramenta cómoda de manexar e bastante intuitiva, aínda que será a opinión do alumnado a que conte xa que eles serán maioritariamente os que a empregarán. De momento non temos experiencia neste aspecto.

UPD: Que medidas proporía para dinamizar o portal de emprego?

Paloma. Ante todo que se contara cunha persoa especialista en Orientación laboral e novas tecnoloxías, unha verdadeira dinamizadora e activista na busca de emprego en cada Escola e Obradoiro, onde o portal e todas as persoas usuarias tiveran un mesmo obxectivo. É evidente que os portais de emprego tradicionais, se seguen así van perder relevancia e autoridade no mundo laboral, polo proceso mesmo de selección, polas vaguidades nas descrições dos postos e polo seguimento da oferta. Agora ben, si estamos a falar dunha ferramenta atractiva e fácil de usar, podería converterse nun “agregador” normal de busca particular.

Enrique. Deberíase divulgar e sensibilizar máis ao tecido empresarial da zona que teñan relación coas especialidades formativas que sexan do seu interese, para que accedan á base de datos

do portal de emprego e poidan coñecer o perfil que ten cada alumnado-traballador.

Daniel. O enlace da Escola de Emprego podería ter cabida noutras páxinas web como as das entidades promotoras da provincia.

Jose Luis. Como todo novo produto, necesita dunha etapa na que se dea a coñecer. Neste senso, é importante a participación da totalidade do alumnado-traballador, cara a súa utilización, e a divulgación na maior cantidade de empresas posible. A promoción dende a propia administración xogaríase un papel fundamental. Por outra banda, é unha mágoa que este proxecto vexa a luz nun momento no que o equipo creador e dinamizador inicial non poidan continualo.

Entrevista ás alumnas da especialidade de atención sociosanitaria do OE Lalín Social II

Primeiro de todo comezamos coas presentacións de Marga, Aurora e Esther para coñecelas mellor e saber un pouco como chegaron ata aquí e que traballo desenvolveron no obradoiro...



Marga



Aurora



Esther

Marga: Non se esperaba facer este obradoiro, pero estando no paro comezou un cursiño de coidadora e a seleccionaron para formar parte no obradoiro de emprego. Está encantada porque ademais de aprender un oficio ten unha estabilidade laboral dun ano.

Aurora: Tamén estaba anotada na oficina de emprego e facendo o cursiño de coidadora cando a seleccionaron para participar no obradoiro. Parecíalle moi interesante porque dáalle continuidade á formación iniciada con anterioridade e unha nova posibilidade para a inserción no mundo laboral.

Esther: Viña da baixa de maternidade e estaba no paro cando a chamaron para participar no obradoiro de emprego. Aínda que nunca se formulara esta vertente profesional, pareceulle moi positiva e ao final gustoulle moito. Na actualidade está inxerida laboralmente nun centro xeriátrico da localidade.



Nunha sociedade ónde o envellecemento da poboación é elevado, que opinades da atención a persoas maiores e dependentes?

Esther: Fan falta moitos recursos. Moitos máis dos que hai agora, porque hai moita xente maior desatendida. E sobre todo, falta empezar a valorar a atención ás persoas.

Marga: Hai que concienciar á xente. A poboación non está concienciada e o traballo tampouco está valorado. Non se lle da a importancia que se lle ten que dar ao traballo que se fai coas persoas.

Aurora: Fai moita falta máis persoal e que os concellos e servizos sociais se preocupen por esa xente. Sobre todo coas persoas que viven no rural, persoas maiores que están soas e illadas do casco urbano.

E a vós que vos motiva para dedicarvos a atención a persoas maiores?

Marga: Eu, por exemplo, vexo moi distinto traballar con persoas que traballar con máquinas como facía antes, e un traballo totalmente distinto. É unha satisfacción persoal, aínda que te sintas sufocado polo traballo, non é o mesmo, porque traballas con persoas que teñen sentimentos.

Aurora: E fanche sentir útil e necesario no teu traballo e, en ese sentido, é moi gratificante. Porque cando vas ao principio e vente como unha estraña que chega a súa casa, e temos que facerlle a hixiene persoal, ao principio como que custa... e te sentes ben cando despois da primeira vez, segunda e terceira xa queren... e xa están a esperar a que chegue ese día.

Esther: Coas persoas consegues cousas. Hai xente coa que non vas a conseguir que se poñan estupendos pero ao mellor con outras consegues, por exemplo, que o brazo que antes case no podían erguer agora xa o poidan levantar e se rasquen a orella. Iso faiche sentir realmente ben e a esas persoas cámbialles a súa calidade de vida.

Daquela creedes que tedes que ter algunha cualidade especial para dedicarvos a atención de persoas maiores?

Aurora: Penso que si.

Esther: No ter prexuízos, iso o primeiro. Cando entras nos domicilios pódete atopar calquera cousa, dende un domicilio feito un asco ata un domicilio estupendo, ou unha persoa que parece rosmona e logo resulta que é encantadora.

Marga: Ter paciencia e non opinar antes de non saber.

Ao inicio falabades da vosa anterior experiencia profesional pero, tiñades experiencia no coidado de maiores?

Eu cos meus avós, aínda que creo que no se pode relacionar unha cousa coa outra. Pero isto tamén che vale

para o día de mañá e para un mesmo, para entender, para saber...

Chega a haber unha empatía a nivel persoal...

Marga: Non debería de haber, pero... é moi difícil. Non deberíamos implicarnos tanto para que non nos afecte despois. E con unhas persoas mais que con outras pois hai xente que non é tan receptiva.

Esther: Iso valo aprendendo pouco a pouco... pero os primeiros golpes os levas. Eu noteino máis aínda nos domicilios.

Aurora: Nós notámolo, sobre todo, ao despedirnos, que se emocionan e automaticamente nós tamén nos emocionamos. Nos centros sociais nos que estivemos organizáronnos unha festa de despedida no que nos deron recordos para que nos lembráramos deles...

Como se vos poñen os ollos...?

Aurora: Si porque foi unha experiencia, a verdade, moi dura e ao principio fomos moi asustadas. Este tipo de servizos failles moita falta, non só no domicilio senón tamén ao acudir aos centros sociais. Ían unha vez á semana e estaban desexando que chegara ese día para poder reunirse con outras persoas. Asombrounos moito a capacidade de aprendizaxe que poden ter os maiores que roldan entre os oitenta e os oitenta e tres anos.

Esther: Nós dámoslle moito, pero a cambio, recibimos moitísimo desas persoas. A min, persoalmente, ensináronme moito das cousas da vida e chegaronme a dicir que era algo "aditivo" e cando lles faltaba, como foi o noso período de vacacións, tiñan o "mono" da nosa compañía.

Marga: É que ata o pasas ben con eles.

As actividades que desenvoliades na especialidade de axuda no domicilio eran moi diferentes ás do centro social?

Esther: Había actividades que facíamos nos centros sociais, coma o obradoiro de memoria, que tamén se podía aplicar nos domicilios. Fixemos obradoiros de masaxes, de diabetes, de hipertensión, e si que o aplicamos nos domicilios para



conseguir pequenos cambios na alimentación e nos costumes.

Aurora: Tamén facíamos ximnasia na casa... sobre todo si eles se prestaban para elo.

Marga: E limpar porque son persoas bastante maiores que viven soas.

Ben... imaxinamos que cando unha persoa se fai maior cústalle máis asimilar este tipo de servizo?

Ao principio, cando non coñecen a axuda a domicilio pensan que só vas a limpar e que non lle podes achegar nada máis, pero co tempo conseguen ver que lles achegas moito máis que a propia limpeza doméstica. Por

exemplo, lembro nun domicilio no que case sempre tiña unha pila de roupa para planchar, polo menos media xornada de traballo, e co paso do tempo, e a petición do usuario, solicitaban outro tipo de servizo, coma facer os deberes ou, simplemente, facerlles compañía.

Vemos que o grupo está formado unicamente por mulleres. Por que credes que é así?

Por unha banda, porque os homes seguramente non ven isto como unha saída profesional. Noutro curso que estabamos facendo había un mozo que precisamente agora está traballando en xeriátricos ao igual que a nosa



compañeira. E por outra banda, que a xente maior non quere homes. A un home maior cústalle que unha moza lle faga a hixiene persoal, pero acábao aceptando, en cambio, que sexa un mozo o que lle faga o aseo a unha muller... non está ben aceptado.

Por que credes que os homes non se animan a realizar este tipo de actividades de coidado aos demais?

Primeiro, porque realmente estamos nunha sociedade machista e este oficio está visto coma un traballo de mulleres. Segundo, penso que os homes, en xeral, tampouco teñen moito empeño en desenvolver este tipo de tarefas.

Pero vós escollestes estar no proceso de selección para estar nesta especialidade o fostes elixidas para entrar?

Nos elixiron para poder acceder ao proceso de selección desta especialidade. Dentro da maioría de candidatas, tamén había homes, pero no quixeron formar parte do obradoiro e renunciaron a el.

Credes que as mulleres aportan algún valor engadido neste tipo de traballo en relación cos homes? Por que?

Non. Aínda que ao longo da historia, o coidado sempre foi atribuído ás mulleres, hoxe en día podemos ver coma os homes coidan estupendamente dos cativos ou cativas, tanto no xogos do parque, cambiando cueiros, dando a merenda, etc... Son labores cotiáns que poden desempeñar tanto homes coma mulleres.

Esta especialidade é pioneira en Galicia, como valorades que se estea a facer unha especialidade innovadora na que vós sodes as protagonistas?

Nós ao principio non o víamos coma algo innovador, para que nos imos enganar...

Claro... innovador no ámbito dos obradoiros, onde os oficios que se aprendían estaban maiormente relacionados coa construción e agora trocan por especialidades de servizos sociais...

Marga: Porque eu non sei si se pensa no día de mañá, ou non, pero iso está aí para todos.

Esther: A verdade, non nos facíamos á idea do que podía ser traballar con persoas maiores, e a priori, podíamos pensar que non nos ía gustar. Sabiamos que íamos aprender moitas cousas nesta especialidade pero que ía ser moi difícil poñelo na práctica nos domicilios.

Aurora: Na parte sanitaria ensináronnos o da hixiene persoal, os cambios de postura, curar úlceras...

e na parte social a empatía, a estimulación, as depresións... A xente tiña a idea de que nós eramos as rapazas da limpeza e non valíamos para nada máis.

Cómo se vai producindo ese cambio?

Pouco a pouco

Esther: Mentres limpábamos intentábamos que fixeran algunha das fichas que levábamos preparadas.

Aurora: Intentas empatizar coma sexa cos usuarios e usuarias para que che conten cousas da súa vida e, así, pouco a pouco ir conseguindo certos obxectivos. Tamén notamos diferenza entre as persoas maiores que si teñen un respaldo da familia e as persoas maiores que están soas. Porque as que están realmente soas, ao principio, cústalles moito máis abrirse, pero cando o fan consigues moitas cousas e nótase a diferenza.

Marga: No tema da alimentación é moi difícil facerlles entender que hai moitos alimentos que non lles sentan ben pola súa enfermidade ou patoloxía. Pero, ao final, consigues que che pregunten sobre os hábitos de alimentación.

A aposta polos servizos sociais, creedes que é unha alternativa laboral cara a crise que estamos a vivir e que se prolonga?

Aurora: Nós pensamos positivamente que si. Somos de mente positiva. Pero, ben é certo, que non se lle dá a importancia que ten... nin sequera o propio Goberno...

Esther: O que pasa é que o mundo laboral cara a este lado tampouco está moi ben. Si traballas pola lei de dependencia e para que non teñan que pagar nada está moi ben, se estamos a falar de traballar nun xeriátrico, a cousa cambia porque os convenios están bastante mal remunerados.

Aurora: É moito traballo e pouco salario. Está moi pouco valorado.

Que formación previa tedes?

Bacharel. Nos esixían ter o bacharelato.

Considerades que esta formación de partida é necesaria para aproveitar os contidos de obradoiro de emprego?

Aurora: Claro que hai que ter unha formación de partida, un mínimo de educación e saber estar... pero non poñas en dúbida de que no obradoiro estudamos un montón, tiñamos exames todos os meses.

Marga: Seguro que se non te formas con anterioridade o traballo acábalo facendo igual pero non coa



mesma mentalidade. Con unha boa formación tes outra maneira de pensar, de ver as cousas, de comportamento, de pensar e razoar o que che están a dicir.

Cando comezastes a ir aos domicilios?

Ao principio viña con nós a monitora para presentarnos aos usuarios e ver coma nos desenvolvíamos. Os primeiros quince días saímos en parellas, sobre todo para perder o medo, tanto nós coma eles (risas): nós, porque non sabíamos ao que nos podíamos enfrontar e eles, porque entraban unhas descoñecidas nas súas casas.



Houbo algún momento de apuro ou algunha anécdota?

Esther: Si. Un usuario cunha enfermidade terminal que estaba en atención domiciliaria... o derradeiro día eu marchei ao mediodía do seu domicilio... e finalmente (entre bagoas) finou pola tarde. Agora lembro as indicacións da nosa docente cando nos comentaba que non deberíamos implicarnos demasiado nas súas vidas persoais porque é o noso día a día do traballo. Temos que aprender a superar o do e é moi duro

Aurora: Tamén creo que nos resultou máis doado chegar a eles e conseguir cousas grazas as nosas docentes, que nos axudaron moito, nos acompañaban aos domicilios, falaban con eles...

Como vos vedes agora se tedes que traballar soas?

Marga: A min a nivel persoal, axudoume moitísimo a parte psico-social porque aprendes moitísimo e iso dáche táboas para poder chegar a un domicilio sen ese medo de dicir: ¡Ai meu Deus, que me van botar fora!

Esther: Consegues ter a capacidade de ignorar cousas que eles te queren limitar nun principio (non toques aquí, non fagas iso de alá, non lle botes lixivia...). Cousas que en ocasións che limitan a propia actividade.

Foi un traballo duro? Que horario tiñades?

Traballamos moitísimo. Comezábamos coas clases teóricas ás oito en punto e a xornada de saídas matinais transcorrían dende as 9.30h ata as 13:30h. Logo volviamos á sede do obradoiro e continuábamos con sesións de teoría ata as 15:00h. O salario foi moi bo, moito mais do que poderíamos percibir na vida real, pero tamén é verdade que traballamos moito. Por exemplo, cando nos tocaba hixiene o traballo era moi duro, xa que tiñamos que facer o aseo, a ducha, o afeitado, cortalo pelo, as uñas, facer masaxes... Ademais as persoas maiores son bastante maniáticas, e te marcan moito como temos que facerlles a hixiene, e claro, isto leva mais traballo, tempo e paciencia.

Formuládesvos o autoemprego?

Algo falamos, pero hoxe en día, temos medo por como está a situación económica. As pensións das persoas usuarias son moi pequenas, e nós tamén somos realistas, non teñen recursos económicos para poder pagarnos, polo que non nos compensaría. Na actualidade, aquí en Lalín este tipo de servizos esta moi mal remunerado.

Que outras saídas profesionais creedes que podedes ter con esta especialidade?

Aurora: Gustaríanos que nos saíra o dos Centros Cívicos porque están moi ben e creemos que son moi

necesarios no rural, xa que a xente que vive aquí non ten actividades e están bastantes sos. Por outra banda, tamén estaría ben entrar nunha residencia, que son outra proposta para o mundo laboral e por aquí temos varias, dúas en Lalín, outra en Cruces, outra en Irixo e outra en Carballiño.

Esther: No meu caso tiven sorte, xa que atopei traballo nunha residencia, levei o curriculum e ao pouco tempo xa me chamaron. De feito, estiven duplicándome durante dúas semanas, viña ao obradoiro de mañá e traballaba pola tarde na residencia. E a verdade é que me vexo moi ben capacitada, a única pega é que o traballo nos domicilio vas a outro ritmo, a máis velocidade.

E agora con todo o que sabedes, cambiaríades de especialidade? Que vos achegou?

NON (ao unísono). O único que tes que ter e a mente aberta a todo, non ter prexuízos ni facer valoracións de antemán, querer aprender moito, comportarte correctamente, ser compañeira, ser educada co equipo docente... non é que teñas que ser amiga pero si compañeira.

Como foi a relación co resto das compañeiras da vosa especialidade?

Foi boa. As docentes neste senso fixeron unha labor moi boa. Elas conseguiron que catorce mulleres feitas e dereitas, cada unha coas súas vidas propias e a súa forma de traballar diferente, traballaran moi ben xuntas, facendo un equipo interdisciplinar e non multidisciplinar. Ensináronnos a respectar á compañeira que é moi importante, porque todas non somos iguais e cada unha ten a súa forma de pensar. Tentar poñer as ideas en común, e decidir que é o mellor para evitar meter a zoca.

E poderíades facemos unha valoración persoal do Obradoiro?

Marga: A min, persoalmente, enriqueceume moitísimo en todos os ámbitos. Aprendín a afrontar a vida diaria e a relacionarme cos demais.

Aurora: Unha experiencia moi positiva.

Esther: Para min, foi moi interesante e sorprendente. Non me esperaba que fora isto, nin moitísimo menos. Saír de aquí e ter a posibilidade de atopar un traballo en esta profesión... sorprendente.

Resposta: O definiríamos coma... GRATIFICANTE, POSITIVA e SORPRENDENTE (risas).

OE Moaña Capacita

O pasado 26 de Outubro coñecemos a Esther, Andrea, Felicia, Maira e Susana, alumnas da especialidade Atención socio-sanitaria do OE CAPACITA MOAÑA. Elas proporcionáronnos unha perspectiva propia de toda persoa que comeza un proxecto destas características: ilusión, expectativas, incerteza ante o descoñecido... Sentimentos que esperamos facervos chegar grazas ao presente artigo, onde moitos vos veredes identificados.

Comezamos coas presentacións ...

Esther. Cando a chamaron da oficina de emprego, non sabía ao que se ía enfrontar xa que nunca oíra falar do que era un obradoiro de emprego, pero acudiu rapidamente ao centro para

coñecer de primeira man que era iso e que posibilidades lle podería ofrecer. Entendeu que na especialidade que elixiu atoparía unha posibilidade laboral, aínda que nun primeiro intre o trato con persoas maiores non lle pareceu moi doado. Agora grazas as prácticas vividas, ve que nelas ten unha fonte de agarimo y sabedoría, e nos fala así da súa experiencia práctica: “Creo que todos os usuarios, ata o momento, quedaron contentos. Foi unha boa experiencia”

Andrea. Recen chegada de Barcelona onde traballou coma administrativa, recibiu unha carta onde lle comunicaban que estaba dentro do proceso de selección dos obradoiros de emprego. Grazas a un artigo publicado no xornal coñeceu en maior medida en que consistía e anotouse, entre todas as especia-



De esquerda a dereita: Esther, Andrea, Felicia, Susana e Maira

lidades, á de atención sociosanitaria, que era a que máis se axustaba ao que lle gusta facer. Pensou que grazas aos estudos que esixían e que ela posuía, tería menos competencia á hora de acceder, ademais os seus estudos encaixaban co que lle esixían.

Felicia. Ven de Lanzarote con experiencia como camareira e caixeira nun supermercado, e coa maleta chea de ilusión por acadar o certificado de profesionalidade. O seu interese por continuar formándose a levou a anotarse na oficina de emprego en varias especialidades, aínda que seguindo as directrices da orientadora, decantouse pola presente acción formativa xa que nela viu unha alternativa adaptada a súa persoa. Nunca tivo moitas esperanzas postas en que a seleccionasen, xa que non ten o curso de galego necesario para obter ao final o certificado. Agora que xa esta dentro, o ve doutro xeito e non deixa de lado

a materia, xa que quere acadar dito título xunto con tódalas súas compañeiras.

Maira. Ven de traballar con nenos e nenas nunha gardería e decantouse por continuar traballando con persoas. Ela tamén recibiu a carta da oficina de emprego coma algunha das súas compañeiras. O día da presentación analizou as tres especialidades e non dubidou en decidirse por esta, xa que o traballo con persoas é o que máis lle gusta. Sempre se decantou pola rama social, incluso nos seus estudos, xa que fixo cursos de linguaxe de signos, educación infantil, monitor de tempo libre, etc.

Susana. Despois de pasar pola maternidade, recibiu a notificación e non tivo dúbida na súa selección de especialidade, aínda que non tiña moi claro que era iso dun obradoiro de emprego. Gustaríalle traballar coidando xente xa que ata agora sempre traballou coma administrativa. Aposta por un troco na súa vida.

Agora que xa coñecedes algunhas das mulleres do Obradoiro de Emprego de Moaña, facémosvos chegar a entrevista que lles fixemos para que afondes máis nas súas vivencias nun obradoiro tan innovador.

Na sociedade actual na que vivimos, onde a poboación esta envellecida, que opinades da atención a persoas maiores e dependentes?

Cremos que é algo necesario, que moitos maiores están un pouco abandonados e que habería que poñer máis medios. Deberían de saír máis iniciativas de traballo, neste senso, dende os concellos.

Centrándonos na vosa especialidade, que vos motiva da atención sociosanitaria a estas persoas?

Preferimos traballar con persoas que con máquinas é mais gratificante.

Vos sodes da opinión de que o trato con persoas pode afectar a vosa personalidade?

Si, e de feito xa cambiamos. Empezamos cunha idea da vellez mais negativa e agora o vimos doutra maneira. Mesmo imos analizando os maiores pola rúa, detectando o que lles fai falta a uns e a outros. Estamos máis involucradas do que criamos que íamos estar, a verdade.

Qué cualidades credes que teñen que ter as persoas que se dedican ao coidado dos/as demais?

Moita paciencia, demostrar cariño, tenrura,... eu creo que che vai saíndo.

Creedes que calquera esta preparado para este traballo?

Calquera persoa non, aínda que tamén co tempo vas cambiando. Por exemplo, de moza era moi remisa, e non lle daba un bico nin á miña avoa, e agora si. Se es unha persoa un pouco mais seca, o contacto con eles vaite cambiar.



No grupo sodes todas rapazas, verdade?

Eramos cento e pico os que nos presentamos ás tres especialidades e só había catro rapaces. Non sei se coincidiu que hai máis mulleres paradas que homes ou se a oficina de emprego escolleu directamente só mulleres. Ademais na selección para entrar, ser muller puntuaba máis.

Pesades que a muller ten mais paciencia?

Cremos que si, sobre todo as que temos nenos, iso axuda. En xeral, os traballos que teñen que ver co coidado de persoas son realizados maioritariamente por mulleres. Somos mais abertas socialmente, estamos mais preparadas, aínda que temos un “profe” rapaz, da parte sanitaria, que é unha pasada. É moi positivo e nas prácticas levábase a todas as señoras de rúa. Animache moitísimo, ves que lle gusta, que o goza.

Creedes que as mulleres achegan un valor engadido a este tipo de traballo en detrimento dos homes?

Non, cremos que é mais a personalidade de cada un que do feito de ser muller ou home.

Como sabedes esta especialidade é novidosa en Galicia, como valorades esta especialidade e a súa novidade?

Eu creo que é necesaria, cada vez a sociedade é máis maior e require destes servizos.

En canto á aposta polos servizos sociais, credes que é unha alternativa laboral ante a crise? Por que?

Cremos que si. Hoxe en día a construción está fatal e a xardinaria, quitando así que poidas atopar traballo a nivel particular, tamén. Os demais son para facer as obras do pobo, quedar ben, e punto. O noso si que realmente é unha alternativa laboral.

Que formación previa tedes?, considerades que esta formación de partida é necesaria para aproveitar mellor os contidos dun O.E.?

Claro, o que hai que estudar non é doado, cremos que hai que ter uns coñecementos básicos, unha base mínima que che facilita a labor.

E se comparamos a formación teórica que tivestes e a práctica, credes que é adecuada a combinación?

Cando estas traballando os coñecementos teóricos che saen espontaneamente. Unha recomendación da “profe” durante as prácticas foi: oír, ver e calar. Non imos chegar a dicirlle á outra auxiliar o que ten que facer, e de feito te decatás de moitas cousas que nos ensinou, que as estaban a facer mal. Ou tamén, outras que non te imaxinabas que podías facer, e che saen rodadas.

Fanvos estudar moito?

Se, exames todos os meses sobre a rama sanitaria e a social, parece que estamos a estudar medicina.

Como valorades as prácticas que xa realizastes?

Fixemos prácticas no centro de Alzheimer de Moaña. Quizais botamos en falta máis tempo de prácticas antes de empezar a traballar en domicilios. Durante as prácticas, sentímonos arroupadas polo persoal do centro. Eu creo que ao principio é necesario que che boten unha man por que estás insegura... No centro de día estabamos avaladas polo persoal, pero nas próximas prácticas xa íamos a estar soas nos domicilios.

Como afrontades ese novo reto?

Estamos un pouco nerviosas porque non sabemos se estaremos o suficientemente preparadas para saír a domicilios. Facemos prácticas no obradoiro pero non o vemos, quizás, suficiente. Imaxinamos que temos os medos que hai que ter, que son persoas que se lles pode facer dano, que está a familia a verte. Queiras ou non, tes unha presión diferente. Pero seguro que o facemos ben.

Creedes que a formación do obradoiro vos prepara para o mundo laboral?

Creo que si sairemos preparadas. Haber si despois hai demanda do noso posto de traballo. A verdade é que no Morrazo hai bastantes centros de día.

Onde vos gustaría traballar?

Resposta: A mi non me importaría facer axuda a domicilio, porque te organizas mellor cos horarios a nivel persoal. E como teño nenos, podo poñer eu mesma os horarios de atención aos domicilios segundo a miñas necesidades. Para min sería o ideal, porque entrar

nunha residencia e que me toque quenda de tarde ou quenda de noite, mátame.

Resposta: A min ao revés. Gustaríame traballar nun centro de día, nunha residencia de Alzheimer, ou algo similar.

Vos prantexades saír de Moaña?

Resposta: Si, pero economicamente ten que pagar a pena, hai que ver se che compensa saír do pobo para ir á cidade. Ten que pagarche a pena un pouco o desprazamento por moito que nos guste e queiramos ás persoas maiores.



Resposta: Se aparece algo pois ben, se non, tentaremos buscarnos a vida como ata agora. Algunhas intentaremos facer un curso sobre Alzheimer porque nos gustou moito a experiencia. Aínda que non comecemos a traballar de inmediato todas queremos seguir formándonos na profesión.

Esta dentro dos vosos plans o autoemprego?

De entrada non, creemos que é moi complicado ter que facer unha inversión, e eu hoxe por hoxe con cativos pequenos non mo formulo.

Que pasaría se non chegades a traballar disto?

A min daríame pena porque é unha formación que tes, que si se pode utilizar para o futuro, pois mellor, xa que estás un ano traballando, polo menos aplicalo, non?. O que estaría moi ben sería que o Concello crease o servizo e nos contratase.

Qué vos aporta o obradoiro a nivel persoal?

Eu creo que esta rama, en concreto, che vale moito para a vida diaria, sexa tendo fillos, pais, avós, etc. É algo que che vale para a vida, pódelle pasar algo ao teu pai, á túa

avoa, e sabes como reaccionar, o que hai que facer, se tes esa formación pois moitísimo mellor.

Para rematar, dariádesnos nunha palabra a vosa valoración do Obradoiro?

INTERESANTE, NECESARIO, BOA FORMACIÓN.

Novas emprendedoras: Tres experiencias laborales con futuro



Pilar López Pousa. 34 anos
Licenciada en Bioloxía e Técnica Superior en Producción Acuícola.
Formación específica en creación de empresas e formación continua: Cursos específicos de I+ D
Experiencia laboral: máis de cinco anos en consultoras de formación de I+D
Trazos da personalidade que che caracteriza: Seria, responsable, meticulosa, e un pouco rosmona.



Cristina Crego Vázquez. 32 anos
Graduado Social
Curso de Novos/as Empresarios da Cámara de Comercio
First English
Experiencia laboral: Hostalaría: Encargada dun restaurante, cafetería, etc. Selección de persoal. Empresaria.
Trazos da personalidade que che caracteriza: Esixente coma cliente e como empresaria. Perfeccionista, responsable e empaquetadora oficial do meu grupo de amigas.



Marta Saborido Fernández. 36 anos
Integración Social, o que era antes Técnico Especialista en Diminuídos Psíquicos, e Xeriatria.
Medicina China, e en particular a especialidade de Acupuntura en Barcelona. Numerosos cursos en Madrid e Barcelona.
Experiencia laboral: Durante cinco anos traballou na UCI do Hospital Nosa Sra. De Fátima. Durante sete anos traballou co Dr. Polledo, na enfermaría traumatolóxica.
Trazos da personalidade que che caracteriza: Responsable, organizada e comprometida co traballo.

Para comezar, poderíades facernos unha pequena descrición da vosa empresa?

Pilar: A empresa Neo Integra xa viña fraguándose dende hai un ano e medio aproximadamente. Somos un grupo de amigos que vimos unha clara necesidade de ofrecer este tipo de servizo en Vigo, e ao final, a mediados deste ano decidimos emprender e montar unha empresa pola nosa conta.

Neo Integra está enfocada a achegar ás empresas os recursos necesarios para que presenten proxectos de I+D+i tanto a nivel rexional (Consellería), como nacional (Ministerio). A nosa labor é prestar servizos de asesoría técnica e financeira sobre a aplicación de distintas ferramentas de I+D+i existentes. Os nosos servizos inclúen dende a identificación de ideas e novos proxectos, a presentación, tramitación e xestión de proxectos I+D+i, pasando por servizos de seguimento e xustificación, así como formación a empresas, ata o asesoramento na certificación de proxectos I+D+i, deducións fiscais, servizo de busca de entidades e socios para cooperación tecnolóxica, actuacións relacionadas coa Propiedade Industrial, etc.

En definitiva, presentamos proxectos e subvencións de I+D para outras empresas, de ámbito estatal ou rexional, dirixido a todo tipo de subvencións de I+D do Ministerio de Industria ou da Consellería de Innovación. Entre os programas e actuacións que contempla a nosa oferta destacan os proxectos europeos, tales como: os Programas Marco, LIFE, Leader+, FEDER, Acciones COST e os proxectos nacionais como: Programas CENIT, CDTI ou Torres Quevedo.

Cántas persoas forman Neo Integra?

En Neo Integra somos tres promotores, dúas mulleres e un home. Pero a idea inicial de constituir a empresa xurdiu de nós as dúas e logo buscamos unha terceira persoa que nos proporcionou unha carteira de clientes máis ampla.

Cristina: La Manzana del Cuento leva aberto tres anos (que cumprimos o pasado setembro) e comezamos vendendo cestas de froita por Internet. Aos oito meses do noso nacemento, ampliamos ao tema de

eventos, decatámonos que a froita tiña moito potencial, non so para regalar senón para aplicar a eventos. Isto fixo que comezásemos coas fontes de chocolate e catering de froitas para celebracións. Cuestión que tivo unha grande acollida. Foi un éxito.

Actualmente e como novos proxectos, pois estamos en plena ebulición están as Candy tables (mesas de caramelos e chocolates) e detalles de voda e comunión.

La Manzana aínda é un bebe, pero o que temos en mente é un montón de cousas. Quédanos moitísimo por evolucionar, e é que xa tiñamos claro cando empezamos que as cestas de froitas eran un punto de partida cara a moito máis. Queremos facer un concepto de cestas como centro decorativo onde o elemento ornamental sexa a froita. Queremos entrar no deseño de floreiros, pezas propias de decoración e dentro froitas pequenas e plantas moi exquisitas. Ademais queremos lanzar outros artigos baseados nas gominolas, como os arboriños de gominolas. Para o Nadal sacaremos unha árbore de Nadal, fundamentada no concepto gominolas.

Marta: Nun principio a miña idea era dedicarme só ás masaxes, pero ao completar os meus estudos enfoqueino doutro xeito incluíndo a acupuntura. Na empresa estou eu soa, barallei a idea de contratar alguén para dar as citas, pero como estas varían moito dependendo de se o paciente vén por unha dor de cervicais ou por unha sesión de acupuntura, así que é algo que prefiro facer eu mesma, xa que as sesións de acupuntura poden variar entre dúas e catro horas, segundo a persoa, se é a primeira vez que vén, a idade que teña, etc.

O máis solicitado son as masaxes de realiación do corpo, na Medicina China son moi importantes, poñen o exemplo de que o corpo debería ser como un piano, estar todo aliñado e equilibrado, e mediante esta masaxe o que se consegue é unha recolocación. Tamén hai moitos pacientes que o que queren son sesións de acupuntura para eliminar dor.

Non tiñas tamén unha unidade de dor? Ía traer a un médico para facer unidade de dor médica, pero a xente que vén aquí, prefire eliminar a dor con agullas que con medicación. Exceptuando a unha ou dúas persoas que si me preguntaron pola unidade de dor convencional, como a que hai no Hospital Xeral ou no Meixueiro, o resto de persoas prefire a acupuntura.

Na actual situación de crise, que foi ou que vos levou a crear a vosa empresa? Que motivación tivestes para o autoemprego?

Pilar: A nosa idea de emprender non foi por un tema relacionado coa crise. Decidimos emprender pola situación laboral que estabamos a vivir. Porque aínda que as dúas eramos fixas na empresa, e a oficina funcionaba ben, non viamos recompensado o noso traballo, nin económica nin profesionalmente. Entón decidimos que era o momento. Varias empresas confiaban en nós e aventurámonos a emprender. Tiñamos o apoio deste terceiro promotor que nos dixo que facía un pouco de intermediador coas empresas, e proporcionaríavos os contactos.

Cristina: Realmente cando muntei a empresa non se falaba de crise, empezou a mencionarse máis tarde. Cando o escoitaba, a verdade é que non sentía inseguridade, porque parto de que se traballas, as cousas van cara a diante, confío no traballo e non na sorte. Ademais parto de que eu muntei algo que é distinto, non quero ofender a ninguén, pero unha zapataría, unha tenda de complementos, unha floraría... xa hai cincuenta mil. E é que, cando muntei a empresa, sabía que ía estar nun sector onde había oito empresas en España, agora deben de ser quince. Se divides España de Norte a Sur, ao Oeste de España só esta La Manzana del Cuento coas cestas e cunha imaxe moi forte.

Marta: O que me motivou a montar a empresa foi poder conciliar a vida laboral e familiar. O horario laboral do meu traballo anterior non me permitía ver a miña filla, xa que traballaba de tarde sen posibi-

lidade de cambiar á xornada matinal e cun horario co que non chegaba á casa ata case as nove da noite. Ese foi realmente o motivo que me impulsou a poñerme pola miña conta.

Que vos diferencia das demais empresas do sector?

Pilar: Eu creo que é a atención personalizada que damos. Transmitimos ás empresas a confianza e seguridade de que sabemos facer ben o traballo. E ben, estamos moi contentas.

Cristina: Que nos diferencia,... a atención ao cliente, personalizadísima, eu teño completa dispoñibilidade cando a xente ten problemas para comprar pola páxina web, cousa que non cho ofrecen as grandes superficies.

Ademais creo que debido ao esixente que son, fíxome moito na presentación e envío dos produtos, isto abrangue dende o modo no que se fai a cesta, ata como se empaqueta, embala e finalmente se recibe. É outra cousa que nos distingue.

Creo que nesta sociedade na que vivimos facemos moitos regalos e a presentación destes foise desvirtuando. Penso que debemos de volver ao concepto de regalo como algo bonito, especial, e por iso o empaquetado, o xeito no que se recibe é moi importante. E é que as nosas caixas, levan o noso lema, La Manzana del cuento: regalos para os cinco sentidos, vendo isto, eu creo que xa che abre a curiosidade e percíbese que acabas de recibir algo distinto.

Marta: Non hai en Vigo ninguén que abranxa tanto en medicina alternativa como eu, de feito eu teño que ir tratarme a Barcelona ou a Madrid, onde tamén residen compañeiros meus de estudos.

Cal credes que é o perfil da muller emprendedora?

Pilar: Carácter decidido, atrevida, sen medo a atoparse situacións estresantes, mulleres moi válidas, cunha formación media e que transmiten moita enerxía.

Cristina: Pois a verdade non teño nin idea, non sei... Creo que somos xente mandona, no bo sentido da

palabra, xente que sempre toma a iniciativa, carácter e pulo. Ser inconformista e moi activa.

Marta: Mmm..., eu creo que simplemente o perfil da muller, o que pasa é que ás veces por diferentes motivos as mulleres teñen moitos impedimentos. Somos moi responsables, organizadas e temos unha adaptabilidade moito maior que a dos homes.

Qué dificultades tivestes non proceso de creación da empresa? Credes que a vosa condición de muller influíu nelas?

Pilar: Quizais a maior dificultade foi non saber moi ben como funcionaba o tema da forma xurídica que tiña que adquirir a empresa: unha S.L, unha cooperativa, unha S.A, etc. Entón foi cando botamos man da MAIV (Mancomunidade Intermunicipal de Vigo) e en concreto do SAE (Servizo de Asesoramento a Emprendedores) que nos asesorou sobre todas as formas nas que podíamos presentarnos e orientounos sobre o máis conveniente. A verdade é que foi unha axuda moi boa porque non tiñamos moita información do proceso que teríamos que seguir. Tamén acudimos á Cámara de Comercio e o Concello de Vilamarín, a través da figura do técnico de emprego; por mediación del presentamos un proxecto de ILE (Iniciativa Local de Emprego) neste Concello que en principio foi aprobado e agora estamos á espera de contestación da entidade competente.

Onde se atopa a sede social da entidade?

A nosa sede social está situada en Vilamarín, pero temos varias oficinas. Imos localizarnos en Ourense e Vigo que son dous focos industriais galegos importantes. Por medio da Cámara de Comercio nos vai permitir localizarnos en Vigo, nunha oficina, ademais da Vilamarín. O noso ámbito de traballo vai ser toda Galicia, é máis, xa temos un futuro cliente no Norte de Portugal e estamos a ver que a Eurorexión pode ser bastante importante para nós. Temos potenciais clientes nesta zona

Cristina: Sobre todo coa administración, papeis e mais papeis, para todo, é dificilísimo para nós. Son coñecedora de moitas axudas, pero realmente a súa

preparación é moi complicada para ser unha persoa autónoma.

Tamén están as dificultades que ti te pos en moitas ocasións. Marcámonos metas que despois son moi complicadas de acadar. A verdade é que podes montar unha empresa cunha idea, pensando que o que vas montar cho vai comprar todo o mundo, e atópaste que non é así, o mercado é unha dificultade.

Outra gran dificultade é partir dende cero. Se ti non es ninguén, como é o meu caso, sen unha grande base económica para realizar investimentos, vanche xurdindo máis e máis inconvenientes, o banco, o deseño da web, a TPV virtual, crear o logotipo. En moitas ocasións isto vén dado tamén pola pouca profesionalidade que ten a xente coa que te topas.

Marta: Ningunha. Dirixinme ao concello de Redondela, a concellería da Muller, e explíqueilles o proxecto e informáronme sobre as diferentes axudas e subvencións. Casualmente coñecín á cuñada dun amigo que é asesor e ela encargouse de xestionarme todo, non tivo que facer nada, só buscar o local.

Ás novas tecnoloxías como vos facilitan o traballo?

Pilar: No noso caso as novas tecnoloxías son a ferramenta básica de traballo. Para nós o tema da conciliación é bastante compatible, xa que non temos fillos, porque ao ser un servizo, realizas as visitas ao cliente e despois a execución pódela facer na oficina ou na casa, e como a maioría das plataformas ás que accedemos é vía telemática, pois tendo un ordenador e acceso a internet o podemos facer perfectamente. Loxicamente, non debemos esquecer que temos que ter un contacto directo cos nosos clientes, acompañalos día a día para ver como podemos achegarlles a innovación, pero o que é o desenvolvemento do proxecto e completar as diferentes aplicacións informáticas pódese realizar desde calquera parte.

Cristina: Máis ben dificultáronmo. Nun principio si. A formulación inicial foi: vou montar un negocio para vender por Internet porque a miña clientela potencial son 40 millóns de habitantes, entón iso tiña moi claro. Partindo dunha idea completamente ao revés da maioría das tendas, xa que a maioría monta primeiro unha tendiña e fai a súa páxina web, e vai ampliando. Eu tiña moi claro que montar unha tenda de cestas de froitas en Vigo era morrerse de fame. Era necesario apoiarse nas NNTT e non estaba equivocada porque agora a metade das miñas vendas son en Vigo, e a outra metade fóra. En resumo, nun principio resultoume moi complicado configurar todo para facer da miña tenda unha tenda online, e todo o que iso levaba consigo, pero despois axudoume e me axuda un montón. O teletraballo, para min é imprescindible, cando eu quedei embarazada, a xestión completa do negocio fíxena dende casa. É moi positivo poder conciliar a vida laboral e familiar, aínda que é relativo, xa que en moitas ocasións a distribución do tempo é complicado.

Marta: Si, teño teléfono fixo na casa grazas a que me ofreceron o servizo de desviar a liña fixa ao móbil de xeito gratuito. Isto me permite non ter que dispoñer doutra persoa para que conteste ao teléfono. Moitos dos meus pacientes son persoas maiores, que si tiveran que chamar a un móbil xa non o farían, polo tanto as novas tecnoloxías, se falamos de teléfonos móbiles, se que me axudaron moito en canto a conciliación coa vida familiar.

En canto á xestión do tempo, que procedemento seguides? Cal é o voso horario de traballo?

Pilar: En principio non temos horario. Hai días que traballas ata as dez da noite ou ata a hora que cadre, cando remates o proxecto. Pero en principio intentamos organizarnos nun horario de 8:30h a 14:00h e de 16:00h a 18:30h, máis ou menos, pero é un pouco flexible, non é moi real, e a tendencia é a facer máis horas. O horario dítao a carga de traballo.

Cristina: Depende do día, en ocasións recibo moitas chamadas, e como é normal fáiseme algo complicado, pero teño claro que o primeiro é atender ao público. Se hai que atender as súas necesidades a calquera hora é o que nos diferencia. A xestión do tempo lévoa un pouco como cadra, a verdade que en función dun “mocoso” de once meses. Normalmente as cestas fágoas pola mañá e o traballo administrativo pola tarde.

Marta: O horario que teño é de 9.30h a 19.30h para a xente que vén por primeira vez, pero despois, os meus pacientes saben que atendo as urxencias calquera día da semana e fóra dese horario. Alguén que non viñera nunca, non chama porque non se lle ocorre que podo atendelo fóra do horario ou en fin de semana, pero quen xa me coñece sabe que se o seu fillo caeu ou levou un golpe adestrando, me pode chamar que eu lle podo dicir que se achegue ata casa.

Que medidas tomastes para dar a coñecer a empresa? En qué medida ás novas tecnoloxías axudaron nesta labor?

Pilar: A verdade é que non fixemos ningunha campaña de publicidade, simplemente xa nos coñecían, sabían a nosa forma de traballo e o que estamos a descubrir agora é que funciona moi ben o “boca a boca”. A actual situación de crise, precisamente, motivou que outras empresas están a detectar a necesidade deste servizo, se van comentando duns a outros. Ademais unha das premisas é a atención personalizada e por este motivo, non podes ter a 15.000 empresas clientes, porque se perdería este trato persoal. Debido á grande demanda que temos, estamos a dicir que esperen un mes. É que se en tempos de crise non investes en innovación, como se adoita dicir, “te renovas ou morres”. Están a ver que é unha das vías para superar a crise.

Cristina: Non me lembro moito de como se chamaba a estratexia, creo que mercadotecnia de batalla. O que fixemos foi acudir a todos os contactos familiares e persoais que tiñamos, e é que e mellor estar ben relacionado que ben estudado, acompa-

ñados dunha bonita cesta chea de mazás vermellas pulidas de modo que parecían de plástico ou porcelana e a xente pensaba que non eran de verdade. Por outra banda, dediqueime á selección de zonas para entregar folletos deixándoos nos coches, tendas, etc. En xeral non creo moito nesta publicidade, porque lanzas moitos panfletos e a xente se queda con poucos.

Támén chamei a prensa local, porque, francamente, pensei que isto era noticia pero non me fixeron caso. Aínda así, ao cabo dun tempo chamáronme eles a min, e ao final saímos en televisións locais e autonómicas. De feito imos modificar a web para poder colgar todos estes vídeos e dar difusión a esta información, xa que creo que isto te avala como profesional.

Marta: Uns traen a outros. Fixen un montón de flyers que non utilicei porque teño os pacientes suficientes que podo atender. Tampouco teño web. Ás veces chámanme e me preguntan si hai algún tratamento para deixar de fumar e se poden consultalo na web, pero prefiro darlles unha cita, porque para min é importante o trato personalizado.

Entón, en tempos de crise apostastes pola innovación? En canto ao sector, que coñecementos tiñades del previamente?

Pilar: Para emprender un negocio é importante coñecer moi ben o sector e sobre todo a forma de traballar das entidades públicas en relación ás subvencións. A documentación e os procedementos que se requiren, o tipo de redacción que ten que conter os proxectos, etc.

Cristina: Como che dixen xa vira que existían poucas empresas que se dedicaban a isto, de tódolos xeitos eu sempre tiven claro que quería montar a miña empresa porque quería ser a miña propia xefa, por iso cando fixen o curso os profesores dicíanme que eu estaba a montar o negocio ao revés, aínda que eu tiña claro os conceptos: quería facer cestas de froitas dirixida para todo o territorio español, a pesar de que todos me dicían que só cestas de froitas parecían pouco, e pouco diversificado.

En resumo, sabía que se me esforzaba podería chegar a conseguir o que pretendía, sendo consciente de que todo isto leva consigo un risco. Tiña claro que necesitaba un negocio que non existise e creativo, para darlle un valor engadido.

Marta: A primeira vez que tiven contacto coa acupuntura foi cando tiña sete ou oito anos e a miña nai levoume a un médico de acupuntura porque tiña crises de asma, pero cando vi que me quería dar cun pequeno martelo cheo de agullas saín correndo da súa consulta, e detrás de min a miña nai, o médico e a secretaria. Ata que un día, nunha viaxe a Barcelona, un home coreano me pregunta: “a ti dóече a perna”? eu quedei sorprendida e respondílle que si e por que me preguntaba iso. Respondeume que era por unha mancha que tiña na orella que indicaba esa dor, que coas agullas de acupuntura podía quitarmos. A miña dor era crónica dende hai moito tempo a causa dun accidente que tiven, é máis, chegou un momento que estaba tan acostumada á dor que só era consciente cando a xente me preguntaba por el. Os analxésicos non me facían absolutamente nada, nin parches mórficos nin nada de nada, así que cando probei coa acupuntura e me quitou a dor..., o primeiro que pensei é “isto teño que aprendelo xa”!. Así empecei e resultou que o famoso martelo de sete puntas co que me quería dar aquel médico cando era pequena, foi un dos mellores inventos da medicina chinesa, cicatrices que tiña cuns queloides impresionantes que cirurxiáns estéticos me dixeran que eran imposibles de eliminar, practicamente desaparecéronme grazas a este martelo, ata mi cirurxián cando viu os resultados sorprendese. Eu teño moita xente con enfermidade de Crohn, que melloran moitísimo sen necesidade de tanta medicación.

Realizastes algún estudo para coñecer os nichos de emprego ou as potencialidades do sector?

Pilar: Antes de montar a empresa, realizamos un estudo de mercado para ver cara a onde podíamos dirixir

máis os nosos esforzos para asentarnos e darnos publicidade. E detectamos as zonas industriais máis importantes de Galicia, sobre todo de Vigo, que ademais de ser unha zona próxima ao norte de Portugal queda un pouco no centro neurálxico (entre Coruña, Santiago, Portugal e Ourense).

Percibiches algunha axuda económica para crear a empresa?

Non. A única axuda económica foi a do pagamento único do subsidio por desemprego que dende o SAE se nos informou. E agora estamos pendentes da aprobación da empresa como ILE (Iniciativa Local de Emprego), e nese caso percibiríamos a subvención correspondente. De tódolos xeitos, estamos a buscar, porque unha das nosas especialidades é buscar subvencións (sorrisos).

Cristina: A razón de por que cestas de froitas, creo que foi porque xa pensaba no tema de eventos, gústame moito este ámbito, pero sen meterme na plena organización destes, xa que a xente non gasta hoxe en día o seu diñeiro en que lle organicen un acto, pero si en algo diferente para o evento. En resumo, creo que busquei algo que non existise dentro do territorio de actuación.

Ao tomar a decisión de facerche empresaria, a onde acudiches?

A Cámara de comercio, a Xunta de Galicia e á propia familia. Na Cámara de comercio fixen o curso, á Xunta acudín para asesorarme e para solicitar a axuda, e a experiencia familiar foi algo tamén moi importante para min.

Marta: Foi todo xestionado de xeito privado, aínda que inicialmente fun ao Concello de Redondela onde me informaron de todo moi ben.

Levades moi pouco tempo abertos, que acollida tivestes na cidade e que tipo de clientes tendes?

Pilar: Pois a verdade é que a acollida foi moi boa. Empezamos de menos a máis, cun par de empresas e pouco a pouco o “boca a boca” foi funcionando. Xurdiron agrupacións de empresas que solicitaban os nosos servizos e algunha colaboración coa

Universidades de Vigo, para botarlles unha man na elaboración dalgún proxecto, coa documentación. Agora podemos dicir que estamos a pleno rendemento e temos bastante carga de traballo. En xeral os clientes responderon fenomenal.

Partíamos dunha carteira de clientes que xa nos coñecían e sabían como traballabamos, mesmo eles nos animaron a dar o salto. O perfil dos nosos clientes é variado: empresas públicas e privadas, fundacións e asociacións empresariais, organismos de investigación públicos e privados (como Universidades, Centros Tecnolóxicos,...) así como outros axentes relacionados cos ámbitos agroalimentarios e medioambientais. A nosa actividade desenvólvese en múltiples sectores: Agrícola, Gandeiro, Marítimo (acuicultura, industria pesqueira), Industria Alimentaria, Forestal, Medioambiental, Loxística, TICs, etc.

Qué evolución tivo a empresa dende a súa creación? Variou o concepto de empresa que tiñas?

Cristina: Realmente é moi bonito montar unha empresa, moi satisfactorio cando ves que á xente lle gusta o que ti ofreces. Non todo é o económico, e esa é a miña recompensa. Montar unha empresa é moi gratificante, pero é moi duro. Pasas todo o día traballando, pero ten a súa parte boa, é algo teu, e o fas de mil amores.

Marta: Agora estamos en época de crise. Durante estes anos foise invertendo a cantidade do número de masaxes en favor da acupuntura. Teño moita xente, que polo seu traballo veñen cada dous meses a que lles dea unha masaxe cando deberían vir unha vez á semana. Non obstante, tamén hai persoas que queren sesións de acupuntura para deixar de fumar ou polo estrés.

O que noto é que a pesar da crise a empresa se mantén. Tamén teño máis pacientes que o prefiren como alternativa á medicina tradicional. Tiven unha acollida moi boa, teño moitos pacientes que viñeron recomendados por outros. Algúns ao principio son moi escépticos, dinme que veñen

porque lles dixeron que funciona pero que eles non cren neste tipo de medicina, pero logo ven que lles vai ben, que lles quita a dor e sen contraindicacións.

Se tiverades que abrir outro negocio, que pasos dariades agora?

Pilar: O que teño claro é que volvería utilizar os recursos que no seu momento nos facilitou a MAIV e a Cámara de Comercio, porque che facilitan moito os trámites. Creo que faría, máis ou menos, o mesmo que fixemos ata agora.

Cristina: Supoño que os mesmos pasos que din, é dicir, sempre tes que empezar por ver un pouco o sector e o mercado no que te vas mover.

Marta: Exactamente os mesmos pasos.

Qué consellos dariades a outra muller que decida emprender un negocio?

Pilar: Que estructure ben a idea na que quere basear a súa empresa e botar man dos recursos que ten á súa disposición que te fai a vida máis sinxela. Ter moita paciencia. Sabes o que pasa, que nós o tiñamos relativamente doado, porque xa tiñamos os clientes e demais. Non é como outras empresas que empezan de cero.

Cristina: Non me considero ninguén para dar consellos, se vos digo a verdade. Pero si tivese que dicirlle algo, lle diría que non se achante ante os escollos que vai atopar, e que monte un negocio coa cabeza e non co corazón. A pesar de todo o dito anteriormente, pode suceder que o día de mañá se teña que pechar ou vender, e aí non teñen cabida os sentimentalismos. Para que che vaia ben tes que ser racional, sopesando moi ben se o que vas montar ten futuro. Tes que facer moi ben as contas, tes que ter clarísimo que en moitísimo tempo podes non ter un salario, e polo tanto, tes que ter claro se podes manter esa situación. Ademais tes unha serie de gastos fixos que pagar ao mes polo que é recomendable facer un balance. En resumo, é moi importante, facer números, razoar ben, e non contar con ninguén mais que contigo mesmo.

Marta: Que se dirixise ao Concello que lles corresponda e que se asesoren, eu tiven a sorte de atopar dúas persoas encantadoras que me atenderon estupendamente.

Que expectativas de futuro tedes?

Pilar: Esperamos que, no lapso dun ano, ampliemos os postos de traballo en, polo menos, un ou dous postos máis. Esperamos ir crescendo e evolucionando. As expectativas son moi positivas e estamos bastante contentas con iso. Da miña experiencia na creación dunha empresa podo destacar: moito traballo, ilusión, realización persoal... e en definitiva, un traballo gratificante.

Cristina: Espero moitas cousas desta empresa para un futuro. Realmente creo poder vivir dela e que vaia a máis a nivel económico. En canto a nivel profesional e persoal, poder seguir desenvolvendo proxectos como fago e que sexan recoñecidos. Poder continuar desenvolvéndome facendo o que me gusta. Equilibrar eses dous niveis.

Marta: Dende que empecei tiven varias ofertas para asociarme con negocios relacionados co sector, pero seguí o consello que me deu a miña nai cando mencionei a posibilidade de buscar alguén para montar o negocio, aínda traballando en traumatoloxía, e a vou citar, díxome algo moi galego: “as medias non son boas nin para as pernas, se montas algo móntao ti soa”.

De momento seguirei co mesmo, quero estudar psicoloxía e seguir formándome para poder complementar máis o negocio có gabinete psicolóxico. Algo que teño pensado e igual non moi a longo prazo sería unha casa rural enfocada a persoas que teñan ao seu cargo a xente maior dependente, para dar o servizo de que poidan pasar a fin de semana na casa rural e poder deixar a esa persoa na casa mentres salguen a dar un paseo, sabendo que está ben atendida, sería máis ben dedicado a xeriatria.



Fondo Social Europeo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



Unidade de Promoción
e Desenvolvemento
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO